



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Técnicas e recursos para a ensinanza musical	Código	652513216	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ofrece ao profesorado a posibilidade de crear os seus propios materiais didácticos a través da análise, a composición e as novas tecnoloxías aplicadas á educación musical. Por outra parte permite unha aproximación práctica á improvisación musical e ao acompañamento de melodías.</p> <p>No deseño desta materia tívose en conta a grande utilidade de todos estes recursos e técnicas para potenciar a creatividade na educación musical.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principais aspectos que interveñen no proceso de selección e secuenciación do material didáctico da educación musical desde unha óptica creativa e interdisciplinar.	AP1 AP3 AP17	BP1 BP3 BP6 BP8 BP9 BP11	CP3 CP4 CP6 CP7
Aplicar a composición, o acompañamento e a improvisación no deseño e a posta en práctica de actividades didácticas empregando instrumentos tradicionais e virtuais.	AP7 AP9 AP17	BP2 BP5 BP6 BP7 BP9 BP15	CP1 CP3 CP7
Empregar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) e as novas tecnoloxías aplicadas á educación musical como ferramentas educativas.	AP17	BP7 BP8 BP9 BP11	CP3 CP6
Posuír coñecementos metodolóxicos que permitan a realización de investigacións sobre a expresión musical e as súas posibles aplicacións didácticas.	AP1 AP7 AP11	BP2 BP4 BP8	CP1 CP4 CP8

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Análise do repertorio escolar	1.1. Obtención de material didáctico a partir de diversas fontes: cancioneros, libros especializados, recompilacións de música folclórica, Internet, etc. 1.2. Clasificación dos exemplos extraídos partindo da análise dos parámetros básicos da melodía.
2. Musicalización de textos.	2.1. Principios elementais da composición musical. 2.2. Relación texto - música. 2.3. Os editores de partituras na elaboración do material. 2.4. Os editores de audio na creación de paisaxes sonoras.
3. Acompañamento.	3.1. Tipos de acompañamento. 3.2. Práctica do acompañamento empregando instrumentos tradicionais ou virtuais.
4. Improvisación musical.	4.1. Fundamentos teóricos. 4.2. Elementos que interveñen na improvisación. 4.3. Aplicación didáctica da improvisación.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 C6 C7 C8	1	0	1
Análise de fontes documentais	A11 A17 B3 B5 B6 B8 B9 B15 C6	0	10	10
Aprendizaxe colaborativa	A1 A9 B2 B7 B9 C4 C7	2	6	8
Obradoiro	A3 A7 A9 A17 B2 B5 B9 B11 C3 C7	10	10	20
Sesión maxistral	A1 A7 A11 B1 B3 B4 B5 C1 C4 C6 C7 C8	5	5	10
Presentación oral	A1 A11 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C7	1	4	5
Traballos tutelados	A1 A3 A7 A11 B1 B2 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B15 C1 C3 C6 C8	2	18	20
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos, que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos coñecementos previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.



Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar, a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e a supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é coñecida tamén como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Traballos tutelados	Está dirixida tanto ao alumnado con matrícula total como ao que teña dispensa académica de exención de asistencia. O profesorado realizará o seguimento dos traballos indicados, e atenderá as dúbidas que poidan xurdir sobre a materia. A atención personalizada levará a cabo en titorías presenciais ou a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A3 A7 A9 A17 B2 B5 B9 B11 C3 C7	Realización de exercicios prácticos relativos a: interpretación, composición e improvisación musicais, empregando os materiais previamente traballados.	25
Traballos tutelados	A1 A3 A7 A11 B1 B2 B4 B5 B6 B8 B9 B11 B15 C1 C3 C6 C8	Elaboración individual dunha proposta didáctica na que se apliquen as técnicas e os recursos estudados.	40
Aprendizaxe colaborativa	A1 A9 B2 B7 B9 C4 C7	En grupos reducidos realizaranse diferentes tarefas que serán expostas en clase.	20
Presentación oral	A1 A11 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C7	Realización de presentacións orais dos traballos que se indiquen, empregando os medios tecnolóxicos dispoñibles.	15

Observacións avaliación

A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria. O alumnado con dispensa académica de exención de asistencia, do mesmo xeito que o que non alcance un 80% de asistencia ás sesións presenciais, será avaliado mediante un traballo e unha proba individual que terán unha ponderación do 50%, esixíndose en cada caso unha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10. Os traballos escritos entregaranse ao finalizar as clases presenciais preferentemente en formato dixital.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Alonso, C. (2008). *Improvisación libre. La composición en movimiento*. Vigo: Dos Acordes.
- Alsina, P. (1997). *El área de educación musical. Propuestas para aplicar en el aula*. Barcelona: Graó.
- Alsina, P., Díaz, M., Giráldez, A., Ibarretxe, G. (2009). *10 ideas clave. El aprendizaje creativo*. Barcelona: Graó.
- Delalande, F. (2013). *Las conductas musicales*. Santander: Editorial de la Universidad de Cantabria.
- Díaz, M. y Frega, A. (1998). *La creatividad como transversalidad al proceso de educación musical*. Vitoria-Gasteiz: AgrupArte.
- Díaz, M. y Giráldez, A. (Coords.) (2007). *Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Una selección de autores relevantes*. Barcelona: Graó.
- Díaz, M. y Riaño, M. (Coords.) (2007). *Creatividad en educación musical*. Santander: Universidad de Cantabria. Servicio de Publicaciones.
- Díaz, M. y Riaño, M. (2010). *Voz, cuerpo y acción. Un espacio para la música*. Santander: Universidad de Cantabria.
- Gainza, V. (1983). *La improvisación musical*. Buenos Aires. Ricordi.
- Gainza, V. (1986). *La iniciación musical del niño*. Buenos Aires. Ricordi.
- Gainza, V. (2002). *Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa*. Buenos Aires: Lumen.
- Gainza, V. (2003). *La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas*. Conferencia publicada el 23 de agosto de 2003 en el Seminario Permanente de Investigación de la Maestría en Educación Universidad de San Andrés. Disponible en <http://www.udesa.edu.ar/files/ESCEDU/DT/DT10-GAINZA.PDF>.
- García, P. y Estebanz, A. (2005). *Innovación y creatividad en la enseñanza musical*. Barcelona: Octaedro.
- Giráldez, A. (2005). *Internet y educación musical*. Barcelona: Graó.
- Giráldez, A. (2007). *La composición en el aula de música*. En VV.AA., *La creatividad en la clase de música: componer y tocar* (pp. 27-36). Barcelona: Graó.
- Giráldez, A. (2007). *La competencia cultural y artística*. Madrid: Alianza.
- Giráldez, A. (Coord.) (2011). *Didáctica de la música*. Barcelona: Graó.
- Giráldez, A. (Coord.) (2011). *Música. Complementos de formación disciplinar*. Barcelona: Graó.
- Green, L. (2009). *Significado musical y reproducción social: Defensa de la recuperación de la autonomía*. En Lines, D. (Comp.). *La educación para el nuevo milenio*. Madrid: Morata.
- Gustems, J. (2013). *Creatividad y educación musical: actualizaciones y contextos*. Barcelona: Dinsic.
- Hargreaves, D. (1991). *Infancia y educación artística*. Madrid: Morata.
- Hargreaves, D. (1998). *Música y desarrollo psicológico*. Barcelona: Graó.
- Gainza, V. (1983). *La improvisación musical*. Buenos Aires. Ricordi.
- Gainza, V. (2002b). *Pedagogía musical. Dos décadas de pensamiento y acción educativa*. Buenos Aires: Lumen.
- Gainza, V. (2003). *La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas*. Conferencia publicada el 23 de agosto de 2003 en el Seminario Permanente de Investigación de la Maestría en Educación Universidad de San Andrés. Disponible en <http://www.udesa.edu.ar/files/ESCEDU/DT/DT10-GAINZA.PDF>.
- Lines, D. (comp.) (2009) *La educación musical para el nuevo milenio*: Madrid. Morata.
- Marshall, N., North, A. y Hargreaves, D. (2005). *Educación musical en el siglo XXI: una perspectiva psicológica*. *Eufonía: Didáctica de la música*, Nº 34, pp. 8-32. Nettl, B. y Russell, M. (eds.) (2004). *En el transcurso de la interpretación. Estudios sobre el mundo de la improvisación musical*. Madrid. Akal.
- Oriol, N (Dir.) (2001). *La educación artística, clave para el desarrollo de la creatividad*. Madrid: Ministerio de Educación.
- Pascual, P. (2006). *Didáctica de la música*. Madrid: Pearson Prentice Hall.
- Paynter, J. (1991). *Oír, aquí y ahora*. Buenos aires: Ricordi.
- Paynter, J. (1999). *Sonido y estructura*. Madrid: Akal.
- Piston, W. (1998). *Armonía*. Cooper City: SpanPress.
- Pons, P. (2000). *Jazz*. Madrid: Celeste.
- Ramírez, C. (2006). *Música, lenguaje y educación: La comunicación humana a través de la música en el proceso educativo*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Sanmatias, C. y Cardoner, M. (1997). *Expresión musical y rítmica*. Valencia: Piles.
- Sanuy, M. (1994). *Aula sonora (Hacia una educación musical en Primaria)*. Madrid: Morata.
- Schafer, M. (1969). *El compositor en el aula*. Buenos Aires: Ricordi.
- AmericanaSmall, C. (2006). *Música, sociedad, educación*. Madrid: Alianza.
- Swanwick, K. (1991). *Música, pensamiento y educación*. Madrid: Morata.
- Swanwick, K. (1994). *Musical knowledge. Intuition and analysis in music education*. Londres: Routledge and Kegan Paul.
- Tejada, J. (2001). *MIDI para el conservatorio, la escuela y el instituto: encore, finale, band in a box*. Barcelona: Rivera Editores.
- Toch, E. (2001). *Elementos constitutivos de la música*. Barcelona: Idea Books.
- Vílchez, L. (2009). *La música y su potencial educativo*. Madrid: SM.
- Waisburdi, G. y Erdmenger, E. (2007). *El poder de la música en el aprendizaje. Cómo lograr un aprendizaje acelerado y creativo*. Sevilla: MAD.
- Webber, F. (1974). *La música y el niño pequeño*. Buenos Aires: Ricordi.
- Willems, E. (1961). *Las bases psicológicas de la educación musical*. Buenos Aires. Eudeba.
- Willems, E. (1964). *El ritmo musical. Estudio psicológico*. Buenos Aires: Eudeba.
- Willems, E. (1994). *El valor humano de la educación musical*. Barcelona: Paidós.
- Willems, E. (2001). *El oído musical: La preparación auditiva del niño*. Barcelona: Paidós.



Bibliografía complementaria	
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías